

TERRA DE OUTES

Revista TRIMESTRAL

N.º 7 · xullo-setembro 2009

1€



Neste número:

O X premio Leixapré.

O catolicismo no s. XXI (III).

Un escudo antigo de Outes.

Unha viaxe a Cuba (II).

e as nosas seccións habituais...



Entrevista a
Tina Formoso

Editorial

O artigo 3 da Constitución de 1978 e o artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981 son os alicerces sobre os que se asenta o recoñecemento do galego como lingua oficial do noso país e, nomeadamente, como lingua oficial do sistema educativo.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, aprobada por unanimidade polo Parlamento de Galicia, precisa a oficialidade do galego como lingua do sistema educativo e o obxectivo de que, ao remate do ensino obrigatorio, os alumnos deberán acadar a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais.

Nesta mesma liña apunta a Carta europea das linguas minoritarias de 1992 e, finalmente, o Plan de normalización da lingua galega, aprobado tamén por unanimidade polo Parlamento de Galicia en setembro de 2004, establece como obxectivos xerais conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e espazos de uso, e priorizar a súa presenza en sectores estratéxicos. No ámbito concreto do sector da educación dispón o plan que se debe "asegurar a galeguización de todos os niveis do sistema educativo no ámbito docente como no das relacións interpersoais entre os membros da comunidade educativa".

Para cumprir esa finalidade, a Xunta de Galicia aprobou o seu Decreto 124/2007, do 28 de xuño, que regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo. Esta norma parte da idea universalmente recoñecida de que os alumnos só adquiriran a competencia comunicativa en galego se esta lingua se emprega como vehicular nunha parte significativa das asignaturas ou materias do currículo. Consonte con iso, o Decreto dispón que se lle asignarán globalmente o mesmo número de horas á docencia nas dúas linguas oficiais na educación primaria, na secundaria e no bacharelato.

Ao longo destes 25 anos da nosa recente autonomía, os partidos políticos, as asociacións culturais e as entidades cidadáns en defensa do galego fixemos un notable esforzo para deixar o galego á marxe das liortas políticas e para recoñecelo como un elemento básico da identidade cultural e signo vertebral da nosa identidade colectiva como pobo.

Cos seus máis e os seus menos fomos quen de construírmos un consenso, ás veces explícito e outras implícito, sobre a consideración do galego como un ben común a todos e sobre o progreso social do seu uso como un obxectivo compartido. Asumimos a convicción de que sen ese consenso a recuperación e incluso a conservación do galego como lingua viva corre un grave risco.

Nese contexto, na campaña das últimas eleccións ao Parlamento de Galicia, uns grupos minoritarios, ao fronte dos que se montou a chamada Galicia Bilingüe, tentaron rachar con esa dinámica política e social a prol da lingua galega que con tantos traballos se artellara. E o peor de todo iso é que a ideoloxía radicalmente antigalega que alí aniña, atopou eco en voceiros moi destacados do partido que gañou as eleccións e que, en consecuencia,

dirixe actualmente a Xunta de Galicia. Os ditos voceiros chegaron a prometer demagoricamente a derrogación do Decreto 124/2007 como obxectivo prioritario do seu goberno.

Estas tentacións do actual goberno da Xunta de Galicia e do partido político que o apoia, de chegaren a materializarse, son un erro histórico de graves consecuencias para a nosa lingua e a sociedade galega no seu conxunto e, en concreto, as asociacións culturais e as entidades cidadáns, deben empregar todos os medios democráticos de presión ao seu alcance para atraelo de novo ao clima de consenso que debe presidir a elaboración e aplicación da política lingüística.

INDÍCE

As nosas novas	páxs. 2 e 3
Reportaxes	páxs. 4 e 5
Miscelánea	páx. 6
Historia	páx. 7
Entrevista	páxs. 8 e 9
Páxinas literarias	páxs. 10 a 13
Novos artistas	páx. 13
Viaxes	páxs. 14 e 15
Os papeis de Añón	páx. 16

Director:

Xosé M. Vázquez

Consello de Redacción:

Domingo Campos, Xoán X. Mariño,
Manuel do Río, Xan F. García, Ramón Blanco

Edita:

A.C.C. Terra de Outes
terradeoutes@gmail.com

Maqueta e imprime:

Grafinoia, S.L.

JOSEMA
Seguros

Av. Compostela N.º 12 – Baixo 2
15230 Outes - Tlf/Fax. 981 85 06 20
E-mail : segurosjosema@terra.es

Presentación da revista nº 6

O pasado 11 de abril, no local social que esta Asociación posúe no lugar de Outes, presentouse o nº 6 desta revista, que en realidade é a sétima, porque tamén se debe contar o número 0 presentado en novembro do 2007.

A continuación os asistentes desfrutaron dunha *pulpada* que preparou o director da nosa revista, Xosé M. Vázquez, e fixo as delicias dos máis de 20 socios e colaboradores de *Terra de Outes* asistentes.



Actos Día das Letras Galegas

Para celebrar as Letras Galegas deste ano 2009, a Asociación Terra de Outes organizou os días 15 e 16 de maio dous actos que tiveron lugar na Casa da Cultura da Serra, consistente o primeiro nunha conferencia impartida por Xavier Castro, profesor de Lingua e Literatura Galega no IES Virxe do Mar de Noia e crítico literario, sobre **Ramón Cabanillas**, para conmemorar o 50 aniversario do pasamento deste escritor cambadés que deixou composicións excepcionais de fidelidade co idioma e coas xentes do país, nun tempo moi complexo e difícil que lle tocou vivir dentro e fóra de Galiza.

O segundo acto, que tivo lugar o sábado, día 16, foi un debate entre Inés Coiradas, profesora de lingua galega e Bieito Iglesias, escritor, sobre a figura de **Ramón Piñeiro**, a personalidade a quen a Real Academia dedicou o pasado Día das Letras Galegas.



Exposicións de maquetas de barcos

O Sábado, día 4, inaugurase a exposición de maquetas de barcos elaboradas polo carpinteiro de ribeira noiés Manuel González, que estará instalada nas dependencias da Casa da Cultura de Outes ata o día 20 de xullo e onde se poderá visitar en horario de mañá de luns a sábado, salvo festivos.



Próximos actos

INAUGURACIÓN DO XARDÍN DA MEMORIA

O próximo 18 de xullo, en torno ao monumento ás vítimas do franquismo que a nosa Asociación ergueu o pasado ano no lugar do Freixo onde caeu abatido polas balas falanxistas o deputado republicano Luis Barrena, vaise inaugurar un xardín co que se lle quere dar a dignidade que se merece á memoria de todos aqueles homes e mulleres que sacrificaron a súa vida por defender a legalidade republicana que naquel momento representaba o seu ideal de liberdade e igualdade.

O acto, ademais da intervención do presidente da Asociación *Terra de Outes*, Xoán X. Mariño, contará tamén coa presenza do profesor de Historia da Universidade de Santiago Lourenzo Fernández Prieto, en representación do proxecto *Voces, nomes e lugares*, impulsado pola citada Universidade para recuperar a memoria de todas aquelas persoas que sufriron na súa carne a violencia asañada das forzas que apoiaron o golpe de estado protagonizado polos militares en xullo de 1936 contra a II República.



O X Premio Leixaprén

Mingucho Campos

Nace co amencer a terra de Outes. Luz de mañanciña que fai brillar ceibe o día. Mañá esplendorosa que provoca o devezo de beber fulgor e o soerguemento dos montes en verdor circundando a florida e multicolor seara.

É o día 28 de maio. É festa en Outes: o día da entrega do **X Premio Leixaprén a Mardelira** e o día da homenaxe ao poeta outense **Domingo Sendón Rodríguez**. Cada día ten a súa riqueza. Este día ten unha riqueza infinda que fai afundirnos no latexar de cada instante do desenvolvemento do amplo programa de actos.

Proxectos e realidades, uns, que son froitos dese afán de servizo á comunidade, desa arela de dar a coñecer o mundo da pesca, o mundo dese mar tan maltratado... Proxectos e realidades, outros, que son efectos desa xuventude liviá que foxe como auga das mans, da saudade, de indelébeis recordos, do inquebrantábel amor á Terra...

Mardelira é unha asociación cultural que nace no seo da Confraría de Pescadores de Lira co obxectivo básico de dar a coñecer a cultura mariñeira coa finalidade de promoverlo respecto polo mar, abrindo a cultura da pesca artesanal ó ámbito educativo e á sociedade en xeral mediante a organización de actividades deseñadas para comunica-los coñecementos acadados sobre todo tipo de artes de pesca e marisqueo. Pretende, xa que logo, a dinamización e actualización dunha comunidade que ata o de agora se adicaba dun xeito exclusivo á explotación dos recursos mariños; porque **Mardelira**, a partir da súa fundación, pretende abrir novos vieiros a esta tradicional actividade, botando para iso man dos tesouros da sabedoría e da riqueza natural e paisaxística herdados dos devanceiros, erixíndose nun novo facho que aluma o compromiso coa defensa da lingua e, en consecuencia, coa supervivencia de Galicia como pobo diferenciado. E, abofé, que resulta imposible a existencia de Galicia como pobo diferenciado sen a lingua propia!

Domingo Sendón Rodríguez (1897-1994) foi un emigrante outense que nunca esqueceu a terra que o aleitou nin a lingua nai na que mamou:

*"Outes, Cambeiro, Brión;
lugares da miña infancia
que levo no corazón."*

*"Onde aprendín e falei
a lingua dos nosos vellos
a que nunca olvidei."*

É autor dun poemario publicado un ano antes do seu falecemento, que leva por título: **De Outes a San Telmo**.

Apartir das 11,30 h da mañá vaise debullando na Casa da Cultura da Serra de Outes o denso e variado programa de actos. Na presidencia: o coordinador e o director do IES "Poeta Añón", a coordinadora provincial dos ENDL, o alcalde e o conferenciante Ramón Blanco Fernández.

Despois das intervencións dos organizadores dos actos toma a palabra a coordinadora provincial, quen salienta a especificidade e o carácter pioneiro da iniciativa porque transcende a escola, implica á sociedade activamente e pon en valor un compromiso de diversos colectivos. Remata aseverando: **"A lingua é un patrimonio de todos, e debe servir de vínculo de unión e non de desfeita social"**.

Pola súa banda o alcalde de Outes refírese ao conflito lingüístico deste xeito: **"Na actualidade non existe cohabitación pacífica dos dous idiomas en Galicia, e esa debe se-la ambición de todos os que amamos esta terra"**. O profesor-conferenciante, Ramón Blanco, fai unha lembranza da biografía e obra de Domingo Sendón, salientando del que, malia transcorrer-la maior parte do seu periplo vital na Arxentina, endexamais esqueceu a Galicia e á súa lingua.

De seguido, concerto do trío de Dalibor Sebesdik ("Negra sombra" e "La comparsita"). Logo, representación teatral polo grupo "Sueiro.com" ("Eu dous e ti un"). Lectura de diversos poemas polas alumnas do IES de Outes. Interpretación do himno "A Galicia", de Añón, polo profesor Enrique Martínez Pedrosa e actuación da coral "Poeta Añón" ("Unha noite na eira do trigo", "Amanda dun boelo" e "Canto ó Leixaprén").

E chegamos ao acto de entrega ao representante da Confraría de Pescadores de Lira do pergamiño e da copa en forma de graal ("Lenda do Santo Graal"; a procura deste vaso sagrado deu pé a varias obras literarias, en prosa e verso, na Idade Media en Galicia), procedéndose despois a agasallar cun ramo de flores á filla do poeta outense, Ana María, quen se desprazara ex profeso da Arxentina a Outes para poder asistir aos actos da homenaxe.

Despois da simbólica entrega dos correspondentes atributos á coordinadora do ENDL de Dodro na súa condición de presidenta da Coordinadora e, xa que logo, responsábel da organización da entrega do XI Premio Leixaprén, danse por rematados os actos.

Mais, aproveitando que estamos no ano de Ramón Piñeiro, quero deixar constancia aquí dun parágrafo dunha carta da súa autoría dirixida ao profesor portugués, Manuel Rodrigues Lapa: **"...O galego foi unha lingua con pleno desenvolvemento cultural, tanto para os usos literarios coma para os xurídicos, administrativos ou políticos. Acadou unha vixencia social do máximo prestixio, non só nas camadas populares senón nas aristocráticas e cortesás. O prestixio do galego como lingua literaria transcendía da área xeográfica de Galicia e dominaba nas cortes de León e de Castela... Todo esto, que é ben sabido, cómpre telo presente para non esquecermos de que o galego non aparece na historia como unha lingua "rural", "vulgar", "plebea", senón como unha lingua de pleno desenvolvemento cultural e máximo prestixio social..."**. Estase a referir Ramón Piñeiro a un dos períodos históricos do noso idioma, en concreto ao período medieval. Precisamente o nome do Premio, **Leixaprén**, procede dese período e consistía nun artificio poético utilizado polos trobadores.

As circunstancias actuais non son as mesmas. Hai néboas baixas no val e tamén sombras no xardín da lingua; por iso, é preciso que callen iniciativas coma "O Leixaprén". Mais sobre todo resulta imprescindible que troque a mentalidade dos "neocolonizadores" do interior. E xa que falamos do idioma e de actitudes perante o seu uso non debemos esquecer que o gran pintor e humorista, Maside, non se esqueceu da problemática sociolingüística que sofre dende hai séculos o noso pobo:

"A NIÑERA:- Non lles fale galego ós nenos que lles berra súa nai". "Deseguro que o texto deste pé escoitouno máis dunha vez entre as criadas de servir que paseaban pola carballeira de Santa Susana de Santiago", apostila Clodio González Pérez (*O humor de Maside*. Edición de Clodio González. El Correo Gallego, 1992).

Daí o acaído do sinxelo poema que aparece no marcapáxinas que o IES "Poeta Añón" de Outes confeccionou para a entrega do X Premio Leixaprén:

**"Somentes se conserva
o que se ama;
só se ama o que se coñece."**

**Só se coñece o que se comprende
e só se comprende o que nos ensinan"**.
Baba Dioum (Senegal).



O CATOLICISMO NO S. XXI (III)

SOTANAS MOLLADAS

Olalla Tuñas Martínez

Pono X

“A Igrexa ten unha grande importancia humanitaria cara ós máis necesitados na sociedade”, “se a Igrexa pechase os colexios, hospitais, asilos... a sociedade sería un caos porque a Igrexa fai moitas cousas gratis”. A afirmación de Jaime invita a matinar nas transferencias que o Estado vai deixar de emitir a unha Igrexa que se está vendo minguada. Todo o labor desas congregacións e persoas que coidan enfermos, nenos, vellos, e axudan a que se realicen como persoas, precisa duns cartos para financiarse; “esa xente traballa sen contrapartida, dan a súa vida polos demais”. Porén cómpre ter en conta que a diminución da achega pública non significa que non vaia recibir ningún apoio senón que supón que o Estado deixa en mans dos cidadáns a decisión de inverter, ou non, os seus cartos na empresa católica e nas súas actividades.

O Estado camiña cara o laicismo e isto peta coa forte tradición católica da poboación, arraigada durante os corenta anos de ditadura franquista, e cos intereses da Igrexa. Malia isto, o Estado non pode excluír a todos aqueles que non desexan participar dos actos que teñan que ver co catolicismo; a liberdade de culto está recollida na vixente constitución española e a Igrexa sábeo. A Conferencia Episcopal reaccionou con rapidez e de aí naceu a campaña “Por tantos”, unha aposta da Igrexa por mostrar a súa mellor cara e transmitir o seu traxe máis humano.

**“Cun soldo base de 600€,
os curas teñen
unha fonte adicional de riqueza:
os seguros por defunción”**

Dobre moral

Ó falarlle dos automóviles de alta gama conducidos por sacerdotes que predicán diante dos retablos unha vida sen luxos, Jaime tamén descré un intre e manifesta a necesidade de congruencia entre o discurso do párroco e o seu estilo de vida; é unha caída momentánea, logo volve xustificarse no vello dito de que as aparencias enganan e que ser ou non boas persoas é independente do auto que conduzas. “Un pode pedir un crédito ó banco e mercar o coche que máis lle guste”, responde Manuel, ordenado sacerdote

este verán. Volvemos ó principio: “O diñeiro non é bo nin malo, simplemente é un anaco de papel; os cartos non poden ser o centro da nosa vida”. Jaime repite un discurso aprendido nas aulas ó igual que a nós nos ensinan noutras aulas eses principios que non se cumpren nin por cidadáns, nin por mandatarios; son valores tan fortemente arraigados que nos empurran a discusións circulares nas que ves como coincides co que se enfronta a ti para volver de novo a reafirmarte aínda que todo sexa contradictorio.

A Igrexa mitificou a súa natureza desprendida ó deixar case a libre escolla dos clérigos a súa achega económica ás parroquias. Cun soldo base de 600 €, os curas teñen como fonte adicional de riqueza os seguros de defunción, cartos que adoitan fechar nas súas arcas persoais sen que a comunidade, eses fieis que entoa o mea culpa cando se require, teñan noticias da súa inversión.

Podemos falar daquela de transparencia? Jaime asegura que “ós sacerdotes esíxeselles que leven as contas claras nas parroquias”; mais isto non é de todo certo, a avanzada idade de moitos dos párrocos impide que se lle poida demandar un exhaustivo informe dos gastos por medo a que os curas máis maiores, véndose demasiado atafegados, decidan xubilarse. Un control máis rigoroso tería o perigo de converter a Igrexa nun réxime ditatorial, ou iso opina Jaime, mais a realidade é que todas as accións da Igrexa suscitan debate e a súa dobre moral non é un tópico de onte. A fe virou nun negocio rendíbel á marxe de vocacións e credos, porén todo isto non quita que eses rapaces que decidiron adicar a súa vida a axudar ós demais a través da Igrexa non deban ser respectados.



Jaime Iglesias, seminarista da diocese de Mondoñedo-Ferrol.



A Óptica da túa confianza!

Malecón de Cadarso, 3 (Xunto a ponte de San Lázaro) - Tlf. 981 82 42 60

NOIA

SOLES

Deolinda Gómez

Soles que sementan de luz o camiño, queiman a pel do camiñante, cegan cos seus raios os ollos do que mira. Soles que alumean e deixan que os perfís das follas formen sombras que descubres, que miras. É a vida que asoma con luz e claridade, tantas cousas. O tic-tac do reloxo móstrase caprichoso, pasa o tempo que medimos e nada se pode facer por detelo, nada se pode facer por detelo...

Quixeras collelo coas túas mans, pechar os puños e apertalos, levalos ao teu corazón e abrazalos. O raio de luz que eu miraba, mírame de reollo e escóndese, dime que se vai e eu non podo detelo, nin collelo coas miñas mans, só os meus ollos o miran e ven como se esconde, miro como se vai entre montañas.

OPINIÓN

Unha obra??

Si colles un día calquera e te dás unha volta por Outes (p. e. casco urbano) daraste conta de que discorres por un concello que anda ao seu libre albedrío en moitos aspectos, os cales terían rápida solución se houberse algo máis de vontade por parte dos nosos gobernantes. Os arcens ateigados de herbas, sinais invisibles (non hai cuadrillas de limpeza?), pasos de peóns despintados, deficientes para a súa boa función... Que máis!! Coches aparcados en dobre fila (do concello e particulares) -exemplo ningún- obstaculizando a fluidez do tráfico en algunhas penosas rúas (onde andan os municipais?, só se ven en San Cristobal!!). Que máis, qué máis!! ¡!!Eureka.. as obras!! As ditosas obras do concello... as interminables e ben sufridas obras... tan cansinas... tan repetidas e tan mal aproveitadas. Todo un derroche do que non temos, pois isto só pasa neste país. Agora poño isto, agora quito aquilo, volvo poñelo e mañá xa veremos... así eternamente. Será por cartos... que somos europeos!!

E despois pensando friamente preguntaste que necesidade haberá de levantar unha rúa enteira e non aproveitar para dotala de todos os servizos dunha vez, ou deixala preparada para o futuro. Pois non!! Hai que volver romper o ben obrado, e así sucesivamente... Como se non houberse máis necesidades que solventar polo Concello adiante, sen ter que desfacer o xa feito... que estamos como o primeiro día. Malditos intereses creados.!!

Lusco e Fusco

FOTO DENUNCIA



¿¿Cando virán as festas para pintar os pasos de peóns... ou terá que pasar algunha desgraza...??

GASTRONOMÍA

FIDEUÁ

(fideos con ameixas)

RECEITA DE MODESTO PEDROSA

Ingredientes:

100 grs. de fideos e 150 grs. de ameixas por persoa, allo, cebola, pemento, tomate, caldo de pescado, viño branco, aceite, sal, pimenta branca e colorante.

Elaboración:

Nunha palleira cun pouco de aceite quente rustir o allo, a cebola e o pemento picadiños. Cando estea todo dourado súmaselle o tomate, e despois de pochado, engadir os fideos, remover un minuto e verter o caldo, un bo vaso de viño, colorante e salpementar a gusto. Probar. Remover a fogo forte. Cando xa estea quedando con pouco líquido, fogo suave e engadir as ameixas, a facer en cinco minutos. Apagar, tapar cun pano húmido e repouso de outros cinco. Decorar con limón e pirixel picado... e que aproveite!!



CORRECTO !!



Un escudo antigo de Outes

Xoan Francisco García Suárez

En 1999 tiñamos coñecemento da man do noso compañeiro Xoán Xosé Mariño da existencia dun escudo municipal, nun documento de data de 12 de xuño de 1852, asinado polo daquela alcalde D. Tomás Añón. Dito feito foi publicado no libro *Efemérides de Outes*. Efectivamente, tratábase dun escudo do Concello no que aínda non aparecía a Ponte da Serra nin as gaivotas.

Sen embargo, no Arquivo Histórico Nacional, existe un documento que, ao transcribilo, créanos certamente algunhas dúbidas.

O citado documento, consta de catro folios e trátase dunha resposta do seguramente daquela Secretario do Concello D. Manuel Rodríguez (o anterior Angel Antonio Ferreiro fora destituído polo alcalde Tomás Añón en 1845) á Sección de Fomento do Ministerio de Instrucción Pública, para proceder ao rexistro do carimbo municipal.

Para unha mellor análise transcribimos os documentos:

"Elevo a Vd. copia o estampas del sello que ésta alcaldía ha venido usando hasta el presente desde el año pasado de 1846. El puente y pájaros que figuran en su centro no tienen más origen histórico que el estar dicho puente enclavado en el pueblo de la capital.

Asimismo elevo el del timbre seco que también se usa en esta municipalidad desde hace diez años.

Es cuanto puedo manifestar a Vd. en cumplimiento de lo que me previene(?) en su comunicación de fecha de 19 del corriente número 347".

Dios ... (e continúa na seguinte páxina menos lexible) ... u.b.s.m (besa su mano?) Outes.

1876.

Manuel Rodriguez (sinatura)

Señor Gobernador de ésta Provincia.

Partido Judicial de Muros (no 3º folio e tamén co escudo)


Partido Judicial de Muros.

Como dixemos, xórdennos algunhas dúbidas en relación ás datas que, de seguido, tentamos aclarar.

Por exemplo, o documento fai referencia ao "...sello que ésta alcaldía ha venido usando hasta el presente desde el año pasado de 1846"; estamos polo tanto a falar duns seis anos antes que o documento asinado por D. Tomás Añón e, sen embargo, xa aparece a ponte e as gaivotas. O máis probable é que o máis antigo sexa o máis sinxelo, que non contiña a ponte nin os paxaros e que, por ser o documento no que aparece do ano de 1852, nada impide que o escudo xa existise antes.

Ademais, non deixa de ser curioso que se fale de "...desde el año pasado de 1846", cando este documento de rexistro está datado en 1876. Parece claro que falar de "año pasado de 1846" naqueles tempos non facía necesariamente referencia ao ano inmediatamente anterior.

Como conclusión, no documento datado en 1852 aparece un escudo de Outes que seguramente xa se viña empregando desde tempos anteriores, e desde 1846 xa existiu un novo escudo, máis refinado, coa ponte e as gaivotas. É evidente que houbo un tempo (1846-1852) no que se empregaron os dous á vez.



Depuradora de Mariscos

RAMAIS

Fco. Rama Vázquez

O Freixo - OUTES

Móbil: 630 43 43 81 - Part.: 981 76 50 92

As linguas suman

1. O galego necesita aprenderse na escola

En Galicia temos dúas linguas e o sistema educativo debe conseguir que se dominen as dúas.

A escola ten que garantir que os nenos/as saiban por igual galego e castelán. Hoxe en día, para moitos nenos/as a escola é o único lugar no que conviven co galego. Por iso, xa que o galego precisa espazos de uso, é fundamental que, cando menos, a metade das materias se impartan no noso idioma. Porque, todos estamos de acordo, **as linguas apréndense usándoas.**

2. Saber galego axuda a aprender

Os especialistas en adquisición de linguas (Cummins, I. Vila, C. Baker...) demostran nos seus estudos que é máis fácil aprender unha nova lingua partindo doutras. Canto máis temperá é a introdución de novas linguas mellor se consolidan.

Se un alumno aprende nunha lingua poderá transferir os coñecementos a calquera outra (se aprende matemáticas en galego, poderá utilizar os seus coñecementos matemáticos en calquera outra lingua).

Sabiades que...

... o alumnado galego ten mellor dominio do castelán que a media española?

O informe Pisa sinala que as comunidades con dúas linguas se sitúan por riba da media española en **competencia en lingua castelá.**

Existen estudos que demostran que en Galicia os resultados obtidos polo alumnado son mellores que os doutras comunidades autónomas.

... o alumnado galego ten mellor dominio do inglés que a media española?

... o alumnado galego remata a secundaria máis capacitado que o doutras comunidades que teñen unha soa lingua?

Seis premios nacionais de bacharelato e formación profesional deste ano foron para o alumnado galego, alumnado que se formou estudando materias en lingua galega.

O coñecemento das linguas internacionais é necesario, pero nin dinamarqueses, nin holandeses, nin islandeses... deixan de lado a súa lingua propia a pesar de teren poucos falantes. Todas as culturas entenden a lingua como un patrimonio que hai que protexer e do que sentirse orgullosos.

O galego é unha ponte para coñecer a lingua portuguesa e ábrenos as portas a un mercado próximo aos 300 millóns de persoas. Nun mundo fortemente competitivo onde os idiomas van ser básicos para abrirse camiño na vida, temos que ser conscientes todos nós de que non nos podemos permitir o luxo de desprezar ningunha das nosas potencialidades lingüísticas.

(Extractos do tríptico editado pola CGENDL)



Entrevista con Valentina Formoso

Valentina Formoso Gosende naceu en Ribademar, Outes. É profesora de lingua galega e literatura no IES Félix Muriel de Rianxo, onde tamén coordina desde hai 8 anos o ENDL. Conta con varias publicacións relacionadas coa lingua e a empresa, tema sobre o que tamén fixo a súa tese de doutoramento. Realizou ademais algunha investigación arredor das representacións sociolingüísticas dos estudantes e sobre o ensino da sociolingüística. É a voceira da Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística, constituída o 28 de marzo do presente ano.

Por que se crea a Coordinadora Galega de ENDL?

Coa intención de coordinar actividades e experiencias, e ademais servirle de voz pública aos ENDL que traballan nos centros de ensino. As coordinadoras comarcais xa hai anos que funcionan, como a Leixaprén, que desde hai 10 anos acolle a centros desde Muros ata Rianxo. Nos últimos anos estívese promovendo desde a administración que nos xuntásemos para optimizar recursos e aunar esforzos. A situación política dos últimos meses fixo que este fose o momento propicio para lanzar a idea de traballarmos de forma coordinada e para saír como unha única voz á sociedade, porque nos pareceu que lle tiñamos algo que dicir como docentes.

Quen son os integrantes e cales son os seus obxectivos?

Está formada por Equipos de centros públicos, privados e concertados de tódolos niveis educativos, e deles formamos parte profesionais do ensino que levamos anos traballando en prol do galego. Somos persoas de ideoloxías moi plurais, unidas por un mesmo ideario lingüístico: facer realidade que o galego, que é a lingua propia de Galicia segundo di o noso Estatuto de Autonomía, sexa unha lingua "normal" na nosa comunidade. Para iso pretendemos axudar na misión de que o noso alumnado, e toda a comunidade educativa, sexa competente en galego e castelán. Para que isto se produza fai falta que a sociedade deixe de ter prexuízos cara á lingua propia.

Como valora o momento actual, caracterizado por políticas lingüísticas adversas?

Na Coordinadora constatamos unha preocupación enorme entre o profesorado galego ante o desmantelamento do marco legal da lingua galega no ensino e noutros ámbitos coma o da Función Pública. Consideramos que a convivencia do galego e o castelán non ten que ser un problema senón unha vantaxe, unha oportunidade para a nosa sociedade. Estamos desolados ante a posibilidade de que o novo goberno non teña esta idea como central. A perigosa ambigüidade acerca da segregación do alumnado por razón de lingua, legislar nun contexto irreal de mentiras e falacias como a imposición do galego, organizar unha enquisa para pais con tantas "eivas" de contido e de forma... non nos deixa moita marxe para valorar positivamente o momento.

Que opina do importante grao de interlocución que se lle está a conceder a entidades como Galicia Bilingüe?

Nós opinamos como docentes, como especialistas da educación preocupados pola formación do noso alumnado, non entramos a facer xuízos de valor en base a posicións e intereses partidistas e políticos. A nós gustaríanos que o debate se formulase sobre as



medidas que hai que tomar para garantir que o alumnado galego teña competencia real nas linguas oficiais, nomeadamente, en galego, que como lingua minorizada teno máis difícil. Mesmo en contextos maioritariamente galegófons, como é o concello de Outes, o alumnado remata o ensino obrigatorio con máis competencia en castelán ca en galego, feito que vén propiciado porque o castelán apréndeno nos medios de comunicación e en todo o seu ámbito social e o galego segue a ser unha lingua minorizada e que non valoramos. Séguense aínda escoitando cousas como que co galego non se vai a ningures. Quédase con ese cantar (porque hai sectores moi interesados en difundilo) e ninguén reflexiona sobre que, por poñer un exemplo, os finlandeses e islandeses teñen ben poucos falantes pero non renuncian á súa lingua aínda que aprendan outras; e tamén hai moi pouca xente que se dá conta de que co galego estamos abertos a case 300 millóns de falantes do mundo lusófono.

Que se lle critica especificamente ao decreto do 2007, comparándoo co do 1995?

En realidade o único que ten de diferente é que se decretou que en secundaria se darían as matemáticas en galego, e que os centros tiñan que garantir que “como mínimo” o 50% debería estar en galego (só se engadiu “como mínimo”, o resto xa estaba

no decreto do 95). En aras de adquirir competencia, regulouse sobre que a educación infantil sería en galego en contextos castelanófonos e con isto pasou a chamarse decreto da imposición, cando en realidade só plasma os acordos do Plan Xeral para a Normalización da Lingua Galega do ano 2004 que foi aprobado por unanimidade no Parlamento, PP incluído. Realmente o que mudou foron as prácticas políticas, que provocaron que algúns recorran a utilizar a lingua como bandeira electoral sen contemplar os riscos de

fractura social, rachando consensos históricos para volver a estadios anteriores á Lei de Normalización Lingüística de 1983.

Terán transcendencia real os manifestos en defensa da lingua e a exitosa manifestación do 17 de maio?

A publicación e a boa acollida de manifestos, as convocatorias de todo tipo de actos, como a manifestación, son unha mostra da sensibilidade que hai na sociedade galega tras estes ataques continuados á lingua propia da comunidade. Particularmente valoro moi positivamente a repercusión do noso manifesto: máis de 520 equipos e case 3.000 docentes, estes en 20 días.

Vistos os últimos datos sociolingüísticos, moi negativos, aventurábase a facer unha predición sobre o futuro do idioma?

Os datos deixan entrever un futuro negro se non se poñen as medidas para normalizar a lingua que está desfavorecida nesta comunidade, que é o galego. Débense deixar á marxe cuestións ideolóxicas e partidarias e empregar o “sentidiño” para que se poida conseguir un consenso nun tema que é de todos: a conservación do galego, ese ben común que nos define.

Manifesto

Os Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística abaixo asinantes queren manifestar a súa preocupación ante a intención do novo goberno de derrogar o Decreto 124/2007 polo que se regula o uso e promoción do galego no sistema educativo. Como dinamizadores lingüísticos, pero moi especialmente como profesionais do ensino que somos, queremos facer constar o seguinte:

1. Este decreto desenvolve o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia no ano 2004 e elaborado, na parte referida á educación, por unha comisión na que se integraban representantes das ANPAS, do profesorado, das organizacións pedagóxicas e das patronais do ensino concertado.

2. Supón a superación dunha lexislación, o Decreto 247/95, que –despois de 12 anos de aplicación– tiña demostrado que non estaba respondendo aos obxectivos para os que fora deseñada, tal como poñen de manifesto os últimos datos do Mapa Sociolingüístico de Galicia.

3. Persegue como finalidade última que o alumnado acade, ao rematar os seus estudos, unha plena competencia lingüística que o capacite para expresarse oralmente e por escrito nas dúas linguas oficiais de Galicia, no marco dun ensino plurilingüe.

4. Favorece que cada centro elabore o seu propio Proxecto lingüístico, documento que debe ser aprobado polo Consello Escolar e que, polo tanto, require a implicación e o consenso de toda a comunidade educativa: profesorado, alumnado, pais/nais, persoal non docente e representantes dos concellos.

Dado que consideramos as medidas que se establecen no decreto como unha achega importante na tarefa dinamizadora e normalizadora que realizamos nos centros e que non pasou tempo suficiente para avaliar se os seus resultados sástifan os obxectivos para os que foi aprobado, solicitámoslle ao novo goberno que manteña os compromisos acordados pola comunidade educativa e o Parlamento galego no Plan xeral de normalización da lingua galega.



Meu bisavó era augador en Cádiz...

Soledad Agra

Será que todo por veces se pon difícil. Sen ti sequera sabelo comeza de novo o desexo primeiro, a fuxida, esquecer e afastarse para quedar quedo nun recanto escuro e só, ou para ver o sol alumear un lugar estraño.

Meu bisavó era augador en Cádiz. Fuxiu. Fuxían todos naqueles tempos, ían na procura de cartos para saír de tanta leira e de tanto traballo, e por algo máis. Segundo din, o meu bisavó, como tantos outros de antes e de despois, levaba no sangue o mal da familia: o desexo da fuxida.

Nas quentes terras do sur aprendeu a simpatía do andaluz no acento agarimoso do seu falar galego. Ás veces, na tranquila espera da fonte, entanto os cántaros se enchían, o balbordo riseiro da auga era quen de traelo para o pozo do muíño, para o río, a choiva no monte, as présas do gando escorrentado pola auga; con todo nin sequera a saudade doce das lembranzas impedía que esquecese os motivos que o afastaran da casa. A vida tiña moitos custos para os non vinculeiros. El prometérase volver só cando vise a hora da morte chegar.

É ben sabido que as cousas da vida non saen sempre como un espera e que cando menos o pensas todos os teus plans se poden trocar por moi pouca cousa. No caso de Manuel unha carta abondou para que o sol do sur evaporase todos os grandes motivos que o levaran a emigrar. Percorreu aqueles tres longos pregos: o cura, seu irmán, falaba da saudade da nai, mandáballe as lembranzas dos bos amigos, da tanta falta que lle facía ao pai, as cousas de sempre, pero, chegando ao final daqueles tres longos pregos, e case como sen querelo, o seu irmán cura lembroulle o seu deber de casar. Manuel tiña xa trinta e dous anos. A escollida, a Ramona, era aquela mociña de pelo escuro e mirada fuxidía que el deixara co seu andar lixeiro paseando os seus dezanove anos polas romarías da parroquia.

Foi un minuto só, máis non. Coa carta aínda na man o meu bisavó pensou todos os momentos que lembraba daquela moza, ben pouco era, concluíu. Tratou de maxinar os motivos que levaran ao cura a inventar tal historia e, pouco despois, en todas as posibilidades de que a Ramona quixese de verdade casar con el. De estas non atopou ningunha, iso que se consideraba home de moita imaxinación.

Un mes despois, para facerlle ver ao seu irmán que non crera nas intencións da moza retouno a que fose ela mesma a que lle escribise e, se de verdade quería que el emprendese o regreso, que lle mandase un rizo do seu cabelo que dese fe da súa vontade de voda.

Ramona, da casa das señoritas do Mosteiro, non colleu con moito agrado a petición do cura do Pancho, despois de todo, escribirlle a Manuel era tal como pedirlle que viñese para casaren. Ela non estaba disposta a rebaixarse a iso e deixou que os días pasasen a



HERMANOS BREA, S.C.

CONSTRUCCIONES Y REFORMAS EN TODO TIPO DE PIEDRA
MANPOSTERÍA-SILLERÍA-TACO DE SANTIAGO-CHAPA

Tels. 981 850 313
Móvil 816 919 837 - 816 919 767
Burelos - SAN QUINTO (OUTES)

Cervexería
ESTACIÓN
Burger - Bocatas - Japas

Avd. do Rocio s/n
Serra de Outes

Telf. 981 85 07 04

pensar no que máis lle conviña. Naqueles días Evanxelina, a irmá casada para a casa, saíu de viaxe co seu home para tratar a compra dunhas leiras en Vilagarcía e ela tivo que quedar a cargo da casa, dos tres sobriños, da nai encamada e ademais ao mando dos criados que atendían a facenda; nestas angueiras logo chegou á conclusión de que con vinte e catro anos xa non podía agardar atopar un mellor partido que Manuel, o da casa dos Largos do Pancho; se seguía solteira na casa, despois de todo, non lle quedaba outra que converterse para sempre na criada dos fillos da súa irmá. Sen deixar pasar un día máis escribiu un nota curta que, despois do encabezamento e despedida ao uso, só deixaba lugar a pedirlle ao Manuel, polo ben da súa familia, que volveuse para a súa terra, que ela estaría moi compracida en lle permitir visitala. Un rizo do seu cabelo daba firmeza ao prego.

Despois destas, convencido xa meu avó, desexoso de ver a beleza da súa futura muller, embarcou un 10 de agosto no porto de Cádiz. Deixou aquel sol que se erguía levantando queimaduras na pel dos meniños e obrigando as mozas a chamar polo augador dende as sombras dos portais.

Case un mes de viaxe deulle a Manuel para moitas cavilacións, non deixaba de temer pola a impresión que lle podería causar a aquela muller que, de tanto soñar, xa estaba convencido de amar. O día da súa chegada, case véspera da romaría da nosa señora do Rial, a casa do Pancho da Seara adiantou a festa. A mesa do comedor, cuberta con mantel de fío branco, estaba coroada por grandes fontes da carne asada recuperada do pingüe, onde descansaba desde a matanza do becerro nas festas de agosto, e de fontes de caldo con galiña e costela salgada de porco, as xerras do viño cheas co mellor branco e tinto da casa do Ghaito da Possa, os cubertos de alpaca piscaban á luz do sol que empuxaba dende as contras abertas das xanelas. A cociña era un mar de potas a ferver e mulleres bulindo entre suores e risas. O cansazo que con el traía o meu bisavó non lle impediu gardar esas imaxes para sempre no seu maxín. Ás veces non te decatás do moito que desexabas algo ata que o tes e, así, Manuel non se decatara do moito que desexaba volver ver a toda a súa xente ata aquel momento no que os apertou de novo, despois de cinco longos anos.

O día seguinte, 7 de setembro, Manuel e o seu irmán cura, acompañados polo seu pai, presentáronse na casa das señoritas do Mosteiro á caída da tarde, foron recibidos na sala por toda a familia de Ramona. Ela vestírase coas súas mellores roupas:

saía de dous voos, o pano de ombreiros bordado que lle trouxeran de Santa Uxía, zapato fino de tacón e as perillas de ouro que enmarcaban a feitura da súa cara branquísima, coroada por unha brillante trenza recollida nun rolete á altura da caluga. Levaba dous días cunha sensación de vertixe no ventre que lle impedía comer e tivera que poñerse pos de arroz na cara para agochar as dúas liñas escuras que lle apareceran debaixo dos ollos, de tanto tratar de lembrar nas noites as imaxes que a súa memoria gardaba daquel que ía ser o seu marido.

Ergueu a cabeza para enfrontar o seu destino: a decepción apagou a súa luz ao topar coa cara de Manuel, pensou que non era guapo, nin feo, pensou que era feísimo, e pechou os ollos no abaixar da cabeza para agochar o seu pesar, que se lle quedou prendido como un broche no peito. El achegouse a collerlle a man, acenando un bico con reverencia, nun xesto aprendido no teatro que vira nunha praza de Cádiz, e faloulle cun sorriso adiviñando o seu pensamento:

—Non penses que sempre son tan feo, díxolle, eu en realidade sempre fun moi guapo, pero cando fun facer o servizo militar fíxeme moi amigo dun rapaz de Ponferrada que era feísimo, e tivenlle que prestar a cara para que non se lle asustase a moza o día que casou, e logo non o volví ver e non ma devolveu.

Todos riron a ocorrencia agás Ramona, que seguía cos ollos prendidos da voz de Manuel e sen poder soltar a súa man da del. Mentres a conversa seguía animándose entre as familias, veciñas e coñecidas desde sempre, el continuou baixando a voz e achegándose a ela:

—Mais a min nunca me importou, porque sempre souben que a muller coa que eu casase non se fixaría só na beleza da miña cara, senón no amor que sinto por ela.

A voda celebrouse o 29 de setembro, día de San Campio. Foi das máis sonadas daquel tempo. As dúas familias competiron en dote e os recén casados tiveron casa de seu e facenda para medrar. Os meses que seguiron foi un continuo descubrirse e non fixo falta máis para que a miña bisavoa se decatase de que a beleza de Manuel non se podía ver por fóra.

O meu bisavó fora augador en Cádiz, pero despois de casar non volveu saír nunca da súa parroquia. Pode que algunha vez soñase con fuxir, pode que nunca máis o necesitase porque a miña bisavoa se converteu no seu único soño e desexo de vida.

HUMOR



Lecturas recomendadas

O Cabalo de Vidro

Antón Avilés de Taramancos

Trátase dunha obra escrita por Avilés na década dos cincuenta e que permaneceu inédita ata a actualidade, cando sae á luz nunha edición da profesora Aurora Marco.

Escribiuna Avilés cando andaba pola Coruña matriculado en Náutica, pero estudando os mundos surrealistas e submarinos co gran pintor Urbano Lugrís, e navegando na bohemia e o nacionalismo.

Trátase dunha narración dirixida á infancia e que debía facer parte dunha “Biblioteca dos Meniños”, segundo a inscrición que aparece na parte superior do texto. Unha obra escrita por alguén que é un mozo, que non ten nin fillos nin alumnos nos que pensar e que, polo tanto, nos sitúa ante unha serie de preguntas: Por que escribe unha peza para nenos? En que está pensando? Aqueles non eran estes tempos nos que a literatura infantil é a máis produtiva de todas, a que máis se vende e, posiblemente, a máis doada de publicar. Naqueles anos non se lle mercaban libros de contos aos nenos, porque –para empezar– poucos rapaces tiñan o dereito de selo e eses non falaban galego. Era a posguerra máis dura, aínda Galaxia non publicaba libros infantís nin O Facho creara os seus premios de narrativa e teatro que se convocarían nos sesenta, nin había revistas para este público... Polo tanto, que levou a Avilés a escribir un conto marabilloso para os máis pequenos? E a resposta semella que só pode ser unha: continuar co labor da Xeración Nós, que nos anos anteriores á guerra se propuxera que os rapaces puidesen ler en galego libros de seu para espertar neles o amor á Lingua e á Terra (así, con maiúsculas). Por iso escribe esta historia, dotando a literatura daquilo que está a faltar e por iso a sitúa dentro dunha colección: “Biblioteca dos Nenos”, mostrando así esa vocación de dinamizador cultural que tanto desenvolveu ao longo da súa vida, e de editor, que foi a súa “asignatura” pendente, aínda que ninguén negará a calidade material e de deseño das edicións de agasallo que realizara de *Cantos caucanos* e *As torres no ar*; edicións de man, obxectos artísticos no contido e no continente.

En base a todo isto, a obra fálame do afán do seu autor por normalizar a lingua e a cultura galega, por facer normal o que non o era, por facer posible o acceso a unha literatura do marabilloso galego.

O cabalo de vidro é un conto marabilloso que semella continuar o xénero que inaugurara Evaristo Correa Calderón con *Margarida, a do sorriso da aurora*, un

conto de fadas publicado en 1927.

Avilés conta aquí a historia dunha nena, filla de nobre, que demostra o seu bo corazón visitando e acompañando a un vello nos seus últimos tempos. Este vaina recompensar agasallándolle un cabalo de vidro e unha caixa de prata que permitirá reconstruílo no caso de rachar. Este cabalo, guía o carro da Brétema no que a rapaza percorre reino tras reino nos días felices, ata que un mal día aparece un trasno que vai destruír este mundo perfecto, e, só coa axuda do trobeiro, as cousas volverán ao seu ser, haberá voda e todos atoparán a felicidade, de novo. A historia repite o esquema dos contos tradicionais coa súa presentación, nó e desenlace; recolle os elementos propios do xénero, como a recompensa a un bo comportamento, o príncipe que neste caso aparece como trovador (a reivindicación do oficio do poeta) pero que despois tamén se mostra rico, o ser mítico representado polo trasno que é por malo, por enredante... Un conto marabilloso, polo tanto, con todos os ingredientes de estrutura, personaxes e obxectos que han de servir de materiais de construción. Pero, sobre todo, é un conto no que se reconece o imaxinario propio do seu autor, xa definido en plena mocidade; elaborado o soño que seguirá a soñar, sentando as bases nas que continuará a traballar ao longo dos anos e dos días. Os nomes dos personaxes: Xoaniña ou Pepón, en plan popular; Beltrán de Noal ou Brión traéndonos os topónimos próximos; as Terras do Escuro Bosco ou a Furna da Infinda Escaleira creados coa materia dos propios soños, igual que o son os Sete Reinos da Brétema que



nos lembran aquel fermoso verso: “Cómo ergo o meu estandarte de brétema”, no primeiro canto caucano fronte ao estandarte de sol que representa a outra terra, tropical e americana.

Recoñécese Avilés neste conto por eses nomes, pola forma de dicilos nesa maneira de contar popular e mítica que por veces lembra *Tres capitáns de tempos idos*, e, especialmente, nese mundo creado pola súa fantasía na que as meniñas dos nobres trenzan as espigas raíñas, danlle herba aos anos pequenos e chaman polos pitos... Hai algo ancestral, máis antergo que a antigüidade, algo que posiblemente pertenza a unha ensoñación infantil que repite ata *Última fuxida a Harar* na “Crónica dos antigos reis”, cando fala de que se ergueu El Rei e percorreu o reino enteiro nun soño, recontando as centeeiras, as brétemas (de novo), as urces e todo canto pode pertencer a un rei, pero ademais, El Rei colleu o arado e relucía o seu manto coma unha eira no serán, porque estaba un rei arando no pomar...

Desde aquela, andamos esperando por reis e nobres que queiran tanto a terra que estean dispostos a traballala, que non se avergoncen de ningún oficio, e que nomeen o mundo coas nosas palabras. E, sendo republicano como o era, talvez quixo que todos nos sentísemos cheos de nobreza e dignidade cando utilizamos a Fala e nos identificamos coa Terra coma aqueles da Xeración Nós, as Irmandades da Fala, as Escolas do Ensino Galego...

POEMA

UNHAS VERBAS

Vouche dedicar unhas verbas
Con amor e con cariño,
Falarán sobes das rosas,
Falarán con sentidiño.

Rosa da miña roseira
Cultivada con cariño,
Rosa da miña roseira,
Cal será o teu camiño?

Con aroma e con constancia
Conquistas mil corazóns,
As túas espiñas duras
Crávanse nos corazóns.

A natureza moi saíba
Dotounos de protección,
Da picadura da rosa,
Rosa do meu corazón.

Outes, 12 de maio de 2008.
G.R.



Rúa Areal s/n - San Ourense
15230 OUTES - A Coruña
Tfno./Fax: 981 850 909
email: juanagra@teleline.es

Novos Artistas

Título:


Sen título.

Autoría:

Lorena Romero García

Técnica Mixta.

Este collage foi galardoado co 2º premio na categoría do 2º ciclo da ESO no certame de pintura convocado pola Asociación Terra de Outes en abril de 2008 para conmemorar o 130 aniversario da morte do poeta Añón. A súa autora estudaba 3º da ESO no Instituto Poeta Añón da Serra no curso 2008-09.



Viaxe a Cuba (II)

Pepe Sacau

Guagua

A guagua debe recollernos na porta do hotel ás sete trinta. O destino: Santa Clara. Demora un pouco en chegar e iso permítenos cambiar as primeiras impresións sobre o visto e vivido até o momento, xa co pouso decantado do cúmulo de sensacións das primeiras 24 horas. Pasada unha hora e media e unha ducia de autobuses, venerábeis pezas de museo que arrastran tras de si pestilentes fumaredas de gasoil, non fica nada que comentar e comezan a aparecer signos evidentes de ira entre algúns de nós, recriminando a intolerábel impuntualidade do condutor. Mais non todos nos expresamos neste sentido. A solidariedade internacionalista revolucionaria xa embriagou os corazóns de varios compañeiros de viaxe, que opinan que a exigencia de que o autobús chegue á hora pactada é unha actitude burguesa e imperialista, diametral e dialecticamente oposta ao deber proletario de antepor os sagrados dereitos do camarada condutor á demanda do señorito capitalista anti-patriótico. Nestas discusións andabamos, afectados uns e outros pola calor que comeza a amolecer o miolo, cando por fin, dúas horas máis tarde do previsto, vemos aparecer o decimoterceiro –mal agoiro– autobús que, este si, tan vetusto como os anteriores, é por fin o noso.

- Bueno día tengan utede, señore.
- Todo bien, oiga; solo que habíamos quedado a las siete y media y son casi las diez.
- Tranquilo, mi elmano; no te ponga bueno mi elmano. Ya yo etoy aquí con utede y aurita arrancamo pa Santa Clara.

Así foi, e a discusión non pasou de aí porque logo nos decatamos de que, con revolución ou sen ela, estabamos nun país diferente, cun ritmo diferente, no que o tempo caribeño non corre coa mesma cadencia que o tempo dixital europeo, constante e exacto. Así que, reafirmados algúns, e resignados outros, encomendámonos á providencia e iniciamos a rota.

Temos que atravesar a Habana, en dirección leste. A cidade parece hoxe máis grande que nunca, chea de grandes avenidas entrelazadas con pequenos rueiros de barrio, nos que nenas e

nenos brincan e corren en roupa interior, entre humildes mais coidados xardíns inzados de flores e arbustos. A maraña urbana faise insoportábel e temos a sensación de andar ás voltas, sorteando estreitas rúas de sentido único para volver virar despois e... diríase que xa temos pasado varias veces polo mesmo lugar.

Efectivamente. O camarada condutor explícanos que non nos diriximos a Santa Clara. O primeiro é o primeiro e o deber é inescusábel: un parente seu precisa dunhas muletas e dirixímonos ao encontro cun amigo seu que xa non necesita usar as súas, polo que iremos recollelas para entregarllas ao seu novo usuario. Chegaremos a Santa Clara con catro horas de retraso, mais ninguén dá un chío de reprobación. Ficou definitivamente claro que debemos mudar o traxe de corte perfecto pola vaporosa guayabera branca e admitir que as cousas importantes fan-se antes que as superfluas, e levar as muletas ao seu novo dono é mais importante que a hora de chegada dun grupo de turistas ao seu destino de pracer. Asumido isto, a viaxe toma un carácter diferente, e o disfrute comeza a ser pleno.

A guagua e a autoestrada son unha aventura digna dunha *road movie*, superadas só polo propio chófer, negro, fraco, alto e encorvado, ataviado cunhas gafas de sol ao estilo Village People. Van caendo os quilómetros en interminábeis rectas e o chófer convértese na mellor emisora de música cubana de todo o país. Polo camiño podemos distinguir a cada pouco sucesivos grupos de cubanos dispostos á beira da autoestrada, capitaneados por funcionarios con indumentaria amarela ben visíbel desde lonxe. O autoestop en Cuba non é un costume: é un servizo público. O funcionario amarelo organiza o seu grupo, segundo os destinos de cada quen e ordena parar o tráfico de vehículos, principalmente pequenas camionetas, camións e autobuses, nos que os viaxeiros de todas as idades e condicións sociais ocupan calquera currunchito na caixa da camioneta ou no teito do camión; dá igual. O importante é chegar e tanto ten que sexa hoxe ou dentro de tres días.

A murga caribeña do condutor e a calor adormécennos até que, como en soños, presenciamos o espectáculo do cambio de chófer. O suplente é a súa antítese, branco, gordo, baixo e orondo, que de maneira inverosímil vai entrelazando brazos por aquí e pernas por alá, até que de repente logra ocupar o asento no lugar do primeiro. A operación realízase en marcha sen que en ningún momento varíe a velocidade ou dirección do autobús: simplemente prodixioso. E segue cantando.

Campismo

Chegamos a Santa Clara atravesando unha rotonda presidida por un deses impresionantes monumentos á Revolución, pragados de personaxes heroicos, bandeiras e símbolos revolucionarios, e máximas escritas en enormes e sobrios caracteres de ferro. Nesta ocasión podemos ver ao Che Guevara, auténtica icona dunha cidade vencellada aos principais episodios da Revolución Cubana. Tomamos dirección ao campismo, instalado nun verdadeiro verxel tropical, rodeado de bosques inzados de plantas e árbores exóticas. Exóticas, para nós, claro está, como un toxo será exótico para un cubano. Sorprende o





tamaño das follas dalgunhas plantas que temos que ir apartando a medida que imos avanzando cara ás cabanas. As instalacións son fantásticas. As cabanas teñen forma de grande "tipi", con cuberta de canas (podería ser bambú) e no seu interior dúas camas, un baño, e os eternos ventiladores que nunca deixan de virar sobre as nosas cabezas. En fin, unha marabilla para pasar un par de días nun ambiente de despreocupado solaz.

Misteriosamente, telepaticamente, aos dez minutos de chegar e instalarnos cada quen na súa chouza, atopámonos de volta tumbados ao borde da piscina, cun mojito na man. O mojito é un milagre da medicina popular cubana. Un pouco ron, zume de limón concentrado, un chorro de agua carbonatada, azucre e unhas follas de menta ou calquera outra herba aromática similar. E a vivir... e a beber. Porque é habitual baixar oito ou dez mojitos nun período dunha hora, sen os temidos efectos colaterais deste tipo de beberaxes. O mojito alegra o corazón, reconcílianos co resto da humanidade e libera os sentimentos máis puros das persoas. E tamén os que non son tan puros.

O perímetro da piscina éñchese repentinamente de mozas e mozos que non sobrepasan os vintepoucos anos, moitos menos nalgúns casos; algunha delas é apenas unha adolescente. Uns e outras non dubidan en exhibir da forma máis natural as exquisiteces dos seus preciosos corpos de pel lisa e brillante, de tons diversos desde o branco torrado polo sol ao chocolate, nos que destacan dous ollos apercibidos de todo o que ocorre en derredor. E en cuestión de minutos cada tumbona está ocupada por un de nós e circundada por, segundo os casos, dous ou tres mozos ou dúas ou tres mozas en animada conversación. A calor, o mojito, as risas desenfadadas da charla, que de xeito vertixinoso e sen ningunha vacilación vai saltando de picardía en picardía, e de insinuación en proposición. Non é imposible substraerse á embriaguez sensual da situación mais... fácil non direi que é, e faise imprescindible dispor dunha boa batería de estúpidas desculpas para escapar do asedio directo e frontal ao que te ves sometido. Porque a quinceañeira pasa, con completa seguridade en si mesma, do sorriso inocente ao piropo, falso mais encantador, e de aí a unha caricia furtiva, e despois a un bico na xema dos dedos e acto seguido pousa a man decididamente aberta sobre o bañador, no que desde hai uns minutos hai sinais evidentes de vida animada. É a derradeira oportunidade de escapar. Só uns segundos mais tarde será imposible, porque esa man terá entrado a revolver debaixo da bañador e a batalla estará perdida.

SAUDEGALIZANDO

DIETA ATLÁNTICA E POSIBILIDADES DE FACELA (I)

Declarándose o día 28 de Maio como Día Nacional da Nutrición, esta é unha boa data para falar de saúde. De feito, a metade das mortes nos países desenvolvidos, veñen por culpa: do cancro, as patoloxías cardiovasculares e a Diabetes. Todas estas enfermidades están relacionadas cos hábitos alimentarios. Aproveitando a data do día da Nutrición, algúns expertos apostan pola "Dieta Mediterránea" e pola moderación. A pregunta que nos facemos dende Galicia é: **é a Dieta Atlántica?** Moi desequilibrada non debe ser, pois un dato tan importante como que a cifra máis alta, de maiores de 65 anos, está en Galicia, contradí esta teoría: segundo o Estudo Global sobre o Envellecemento e a Saúde Mundial, da Organización Mundial da Saúde (OMS), Europa é a rexión do mundo máis envellecida, co 21% de maiores de 65 anos, pero España, está no 20,5%, e **Galicia, no 23%**. Algo terá que incidir a **Dieta Atlántica**, para que o índice máis alto de persoas maiores, estea neste País. **As mulleres galegas son as máis lonxevas**, cunha media de 84 anos de esperanza de vida. Os homes están nos 79 anos, segundo o I informe sobre a Saúde da Muller, elaborado pola fundación Gaspar Casal.

En que consiste a Dieta Atlántica? O primeiro paso, en calquera plan dietético, é a modificación do estilo de vida, que inclúe o cambio dos hábitos dietéticos e a práctica de exercicio físico, tratando de alcanzar o peso ideal, medido co Índice de Masa Corporal (IMC), así como o abandono dos hábitos tóxicos como o consumo de alcohol e tabaco. Un consello dietético estruturado debe comezar pola realización dunha enquisa alimentaria ó/a paciente; por exemplo: rexistro do consumo semanal, para, posteriormente, explorar os factores que favorecen ou dificultan os cambios de hábitos. Con respecto ó exercicio físico, o mellor é **pasear**. Segundo a Sociedade Europea de Cardiología, o paseo debe ser: de présa, 45 minutos á mañá e 45 minutos á tarde, a velocidade que "nos sexa difícil de falar co/a do lado", 3 días á semana. Un teléfono móbil, se se vai só. Hidratarse abundantemente (2 litros de auga ó día).

Os compoñentes da alimentación, na Dieta Atlántica, serán: **froita, verdura, peixe e cereais**, repartidos nas **cinco comidas diarias**. O peixe é o produto base da Dieta Atlántica, este aporta un gran número de compoñentes que son básicos e necesarios para a saúde do organismo. É característico un consumo superior de proteínas, en particular as procedentes de carnes roxas, de gando bovino, acompañado por un maior consumo de **ovos, lácteos e legumes**. Maior consumo de **aceite de oliva**, que podería restar os efectos negativos para a saúde cardiovascular do exceso de alimentos de orixe animal.

Consumo moi elevado de peixes (de mar e de río) e mariscos (moluscos e crustáceos) tres/catro veces á semana, nas diferentes etapas da vida. Este grupo de alimentos aporta de maneira exclusiva na dieta **ácidos grasos ω-3**, con acción antiagregante plaquetaria e, polo tanto, antitrombótica, conferindo o peixe graxo, un papel protector nas enfermidades cardiovasculares.

Consumir alimentos vexetais en abundancia: **cereais, patacas e legumes**.

Consumo elevado de **froitas e hortalizas**. Recoméndase o consumo dunha ampla variedade de froitas, sobre todo mazás e cítricos. Das hortalizas, convén manter o consumo das do xénero Brassica (**repolo, berzas, grelos e nabizas**), ademais de **xudías, pementos, cebolas, cenorias, chícharos e allos**.

Consumir diariamente **productos lácteos**. Son excelentes fontes de proteínas de alto valor biolóxico, minerais (calcio ou fósforo) e vitaminas.

O consumo de **carnes** é importante e debe facerse con **moderación**. Recoméndase a inxesta abundante de líquidos, sobre todo de **auga** como bebida de excelencia. O **viño** debe tomarse a través dun consumo moderado, responsable e intelixente, e coas comidas.

Dr. José M^a Dios Diz,

especialista de Atención Primaria do Concello de Tordoia, A Coruña.

Outes, 27 de Maio do 2009

Domingo(s) Sendón, ou apoloxía de Añón polo home duplicado (II)

Ramón Blanco

Lembrarán que no número anterior anunciabamos a intención de seguir escribindo sobre a coincidencia de que dous dos maiores apoloxistas de Añón fosen outenses, emigrados en Buenos Aires, e inda por riba tivesen o mesmo nome: Domingo Sendón.

Con motivo dos actos da entrega do X Premio Leixaprén, que tiveron lugar na Serra de Outes o pasado 28 de maio, puidemos profundizar nalgúns aspectos da biografía de Domingo Sendón Rodríguez, que era desta volta o "Homenaxeado local", recoñecemento póstumo (o premio Leixaprén propiamente dito correspondeulle á asociación "Mar de Lira"). Entre os excelentes materiais editados para a ocasión polo IES "Poeta Añón", queremos destacar o folleto biográfico, que nos foi de moita utilidade (o seu anonimato non pode ocultar o gran labor feito polo profesor Domingo Barreiro, quen amabelmente nos facilitou o texto previo á edición; tampouco podemos deixar pasar a ocasión de recordar que Barreiro é *alma mater* da coral "Francisco Añón", polo que tamén gabamos a publicación dos 6 *Poemas musicados* e *unha coda*, que terán de ser, se hai ocasión, outro destes "papeis"). Ademais, tivemos a sorte de poder coñecer á única filla do poeta, Ana María Sendón Linde, a cal veu expresamente desde Buenos Aires para asistir á homenaxe, e que nos proporcionou interesantes datos que enriqueceron os xa aportados por Amanda Caamaño Sendón, Domingo Barreiro e Xoán García (e os recollidos nos traballos de Bel Ortega e Xosefina López de Serantes).

Deste xeito, viñemos confirmar que Domingo Sendón Rodríguez (o autor do poemario *De Outes a San Telmo*) trouxo en 1925 a placa que se colocou na casa de Añón en 1935; así como volveu traer, nun verán de principios dos anos setenta, outra que hai no monumento ao poeta de Boel, a que leva inscrita a data de 17-V-1968, cuns versos do propio Sendón; e, aínda que non a trouxo el (pois non volveu máis a Galiza), tamén está entre os promotores

da outra placa, a de 1978, no centenario da morte, que hai na base da estatua erixida para a conmemoración do Día das Letras Galegas de 1966 (o monumento, non o esquezamos, tamén foi iniciativa dos emigrados en Buenos Aires da "Asociación Unión Residentes de Outes", onde Sendón Rodríguez era artífice destacado nestes temas de índole cultural). Segundo o testemuño de Ana María Sendón Linde, debemos pensar que a primeira das placas non foi iniciativa de seu pai, e igual el só a trouxo, por encargo da asociación, mais na colocación das outras dúas, así como no monumento (e sobre todo na escola "Emilio Navasqués"), Sendón Rodríguez estivo moi implicado.

Pola parte de Domingo Sendón, o outro outense apoloxista de Añón, nacera en Brión (o pai de Ana María naceu en Outes), e foi o principal encargado da impresión das *Poesías* de Añón en Buenos Aires, en 1922. Podería ser el o promotor da primeira placa, a que o seu homónimo trouxo en 1925? Seguiremos a remexer nos papeis...



Pazos & Naturaleza GALICIA RURAL

Pazo do Tambre



Lugar de Cando
15286 Serra de Outes (A Coruña)
Tel. 981 837 903 - Fax: 981 837 964
www.pazodotambre.com
e-mail: info@pazodotambre.com



Pesquería del Tambre



Central del Tambre - Santa María de Roo
15211 Noia (A Coruña)
Tel. 981 051 620 Fax: 981 051 629
www.pesqueriadeltambre.com
e-mail: info@pesqueriadeltambre.com